


**QUERER  
é COIDAR**



Mugardos



Coa nova **Ordenanza Municipal de Tenza e Benestar dos Animais de Compañía** o Concello de Mugardos dá un paso esencial cunha lexislación pioneira e integradora sobre a protección e defensa dos animais que viven na contorna humana, co obxectivo de lles dar amparo e salvagarda, respondendo con contundencia fronte a condutas reprobables que inclúen abandono, maltrato ou tenza irresponsable.

Maltratar non significa só violencia extrema, senón que abrangue actuacións habituais como someter os animais a condicións hixiénico-sanitarias deficientes, o uso de medios de retención como cadeas ou gaiolas permanentes que impiden o normal desenvolvemento e a socialización, ou a educación que fomenta a agresividade, entre outras..

Os animais de compañía requiren ata 20 anos de compromiso, atención veterinaria, dedicación, educación, agarimo... son un membro máis da familia a quen respectar e coidar, con necesidades e dereitos recoñecidos. Antes de incorporar un á túa vida, valora os teus hábitos, o tempo que lle podes ou queres dedicar, a capacidade económica para facer fronte aos gastos que conleva. Non é obrigatorio ter un can, se o fas, faino responsablemente e elixe adoptar e salvar unha vida.

Esta Ordenanza regula tamén a situación daqueles animais da especie canina que son obxecto dun trato apropiado, cuxos propietarios tamén deben asumir as normas necesarias para a convivencia cordial e fluída co resto da comunidade e o respecto aos espazos compartidos. E recolle así mesmo a xestión municipal das colonias felinas en base ao método *CER* (*Captura-Esterilización-Retorno*), co obxectivo de acadar a mellora da calidade de vida dos gatos da rúa, diminuíndo as molestias veciñais, minimizando os problemas hixiénico-sanitarios da superpoboación e xerando beneficios por unha axeitada integración na realidade urbana de Mugardos.



## SE TES CAN, DEBES

- 1 Identifícalo a través do sistema de marcaxe legalmente establecido (*microchip*), coa expedición do correspondente documento de identificación ou pasaporte nos casos que corresponda.
- 2 Provelo de auga e alimentación suficiente e equilibrada.
- 3 Dispoñer de acubillo axeitado en función do seu tamaño e peso, en boas condicións hixiénico-sanitarias e gozando da liberdade e socialización continuada que garantan as súas necesidades vitais, o seu benestar e o seu comportamento normal como animal de compañía.
- 4 Dotalo de supervisión veterinaria e tratamentos preventivos de desparasitación interna e externa e de enfermidades, e demais medidas sanitarias necesarias segundo o seu estado.
- 5 Adoptar as medidas necesarias para que non poida acceder libremente ás vías e espazos públicos ou privados alleos. Deberá ir provisto de correa e collar ou outros elementos de retención, agás naqueles lugares ou recintos nos que se permita que transite en liberdade.
- 6 Evitar que cause danos ou ensucie os espazos públicos, recollendo de inmediato as deposicións. En caso contrario os axentes da autoridade municipal poderante requirir para que procedas á limpeza e recollida dos elementos afectados coa correspondente sanción.

## CANTOS ANIMAIS PODES TER?

**Cans e gatos:** En vivendas situadas en edificios residenciais e en vivendas unifamiliares, illadas ou adosadas, e noutras edificacións e recintos de tipoloxía non residencial

- cunha superficie de parcela inferior a 200 metros cadrados: máximo 3 animais por vivenda ou edificación.
- cunha superficie de parcela igual ou superior a 200 metros cadrados: 4 animais máximo en total por vivenda ou recinto.

### **Outros:**

- Cando o seu peso adulto sexa inferior a 2 kg.: máximo 10 por vivenda, edificación ou recinto de calquera tipoloxía. Os peixes non están sometidos a este límite.
- Cando se concentren 10 ou máis exemplares de calquera especie ou peso, agás os peixes, sexa cal sexa a tipoloxía de vivenda ou recinto, considerarase que conforma unha colección zoolóxica aos efectos de aplicación da normativa en materia de *núcleos zoolóxicos*.
- A tenza de animais silvestres en cativeiro está sometida ao réxime de certificación, comunicación e autorización previa e ao Regulamento europeo 576/2013.



## **INFRACCIÓNS LEVES** [Sancións de 200 a 500 €. Impón a Policía Local]

- a)** O trato inadecuado dos animais que supoña sufrimento físico ou emocional aínda sen causar lesións evidentes.
- b)** Non manter o animal nas condicións hixiénico-sanitarias idóneas, nas instalacións axeitadas e cos tratamentos de desparasitación pertinentes.
- c)** Non lles facilitar a alimentación e bebida axeitada ás súas necesidades.
- d)** Mantelos máis de 6 horas ao día encadeados, en gaiola ou en canil.
- e)** A utilización de animais en traballos que os inmovilicen causándolles dor.
- f)** A carencia ou tenza incompleta do arquivo de fichas clínicas dos animais obxecto de tratamento obrigatorio ou vacinación.
- g)** A non recollida inmediata dos excrementos evacuados na vía pública.
- h)** A venda, doazón ou cesión de animais a menores de 18 anos ou incapacitados, sen autorización de quen posúa a súa patria potestade, tutela ou custodia.
- i)** A doazón de animais de compañía como premio.
- l)** Incumprimento dos horarios e espazos públicos que o Concello de Mugardos estableza.
- ll)** Molestar, danar ou capturar animais salvaxes urbanos ou darlles de comer na vía pública. Quedan excluídas accións e a alimentación regulada polo Concello realizada para o control de colonias felinas ou de aves.
- m)** O sacrificio de animais nos lugares públicos.
- n)** Calquera outra actuación que vulnere o disposto na Ordenanza e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.

## **INFRACCIÓNS GRAVES** [Sancións de 501 a 5.000 €. Impón a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural]

- a)** O maltrato dos animais que lles cause dor, lesións, sufrimento físico ou emocional.
- b)** Mutilalos.
- c)** Abandonalos.
- d)** A venda ambulante de animais en xeral, fóra dos establecementos, feiras e mercados legalmente autorizados.
- e)** A venda de animais salvaxes en cativeiro fóra dos establecementos autorizados.
- f)** A subministración de estimulantes non autorizados ou substancias que poidan atentar contra a súa saúde, agás cando sexa por prescripción facultativa.
- g)** A non vacinación ou o non tratamento veterinario obrigatorio dos animais.
- h)** A venda de animais enfermos, con vicios, malformacións conxénitas, ou defectos propios da raza agravados, salvo que se trate dun vicio oculto, non coñecido polo criador rexistrado como tal.
- i)** A cría ou comercialización de animais sen cumprir os requisitos correspondentes e sen ser criador rexistrado.
- l)** A circulación cun can potencialmente perigoso sen as medidas de protección fixadas e sen as garantías de seguridade para el e para o resto dos animais e persoas, atendendo ao recollido na Ordenanza, na Lei 4/2017, na Lei 50/1999, ou a vixente no momento.
- ll)** Considerarase, así mesmo, como infracción grave a reincidencia en infracción leve.

## **INFRACCIÓNS MOI GRAVES** [Sancións de 5.001 a 30.000 €. Impón a titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio]

- a)** O maltrato dos animais que lles cause lesións físicas ou emocionais graves ou a morte.
- b)** A organización e celebración de espectáculos, pelexas ou outras actividades con animais que impliquen crueldade ou maltrato ou poidan ocasionarlles sufrimento.
- c)** A venda e doazón de animais con enfermidade infecto-contaxiosa.
- d)** A venda de animais para experimentación sen a debida autorización ou a centros non autorizados.
- e)** A esterilización ou o sacrificio de animais sen control facultativo.
- f)** Considerarase, así mesmo, como infracción moi grave a reincidencia en infracción grave.
- g)** En canto aos cans potencialmente perigosos, ademais das anteriores, a tenza sen dispor dos permisos e en recintos non apropiados, atendendo ao recollido na Ordenanza, na Lei 4/2017, na Lei 50/1999, ou a vixente no momento.
- h)** En todo caso serán sempre de aplicación outras infraccións e sancións que se tipifiquen en normas legais ou regulamentarias tanto vixentes coma as que no futuro se diten nesta materia aínda cando non estean expresamente recollidas nesta Ordenanza.

## **SANCIÓNS NON PECUNIARIAS**

- 1.** O peche temporal ou definitivo dos establecementos regulados pola Lei para as infraccións graves ou moi graves.
- 2.** A prohibición temporal ou permanente do exercicio de actividades comerciais reguladas pola Lei para as infraccións graves ou moi graves.
- 3.** A incautación inmediata dos animais en condicións de abandono, ausencia de benestar ou actividades ilegais, para calquera tipo de infracción (leve, grave ou moi grave), así como a proposta de inhabilitación para tenza de animais se a autoridade o considera proporcional ao dano ocasionado e evitárllelo a outros animais no futuro.





Non mires para outro lado, ante o abandono e o maltrato, denuncia!

*\_Policía Local:* 629 41 69 69 / 112

*\_Garda Civil | Seprona:* 062

*\_InDiCan:* <https://www.facebook.com/InDiCanAsociacion>

[https://twitter.com/InDi\\_Can](https://twitter.com/InDi_Can)

[iniciativadignidadcanina@gmail.com](mailto:iniciativadignidadcanina@gmail.com)

Ordenanza Municipal de Tenza e  
Benestar dos Animais de Compañía



Concello de  
**Mugardos**